



Era un home que había nunha parroquia que era moi amigho de ir á misa. E un día tamén foi e resulta que tiña unha oferta feita para un fillo que tiña no servicio, ou que lle iba pó servicio. E resulta que se puxo detrás do cura arrodillado e dando besos no altar.

E o home andaba en calzoncillos, e tantos besos, tantos besos dou que lle abriron os calzoncillos por detrás.

- E rachounos! (Risas)

E resulta que a xente ría que non tiña traza, o cura en vez de meter o cáliz na boca meteu o candelero. O sacristán non atendía a atender o cura e resulta que a xente rindo e rindo e rindo e rindo e por fin acabouse a misa e el saleu da igrexa no medio de toda a xente. Pero un compadre del que se chamaba (?) díxolle:

- Home, home, saia pa afora. Parece mentira que seas tan religioso e que viñeras facer esas cousas á igrexa.
- E logo que fixen? Así que por facer unha ofreta que teño feita polo meu fillo que se libre do servicio. É facer mal eso?
- Bueno home, bueno ti farías unha ofreta pa que se libre o fillo do servicio e mais do servicio das armas o que é ti, amostráchelos barrotes polo burato dos calzoncillos canto che dou a ghana.